ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O CORONAVIRUS


(19.03.2020 ás 17:54 h.)

Segundo a infomación proporcionada polo Ministerio de Sanidade, a día de hoxe no noso país existen os seguintes datos:

Casos acumulados 17147
Defuncións acumuladas 767
Persoas recuperadas 1107

O número de casos acumulados por Comunidade Autónoma é de:

CCAA	Nº Casos
Andalucía	1008
Aragón	281
Principado de Asturias	292
Islas Baleares	169
Canarias	220
Cantabria	83
Castilla y León	868
Castilla La Mancha	801
Cataluña	2702
Galicia	453
C. Valenciana	921
Extremadura	241
Comunidad de Madrid	6777
Región de Murcia	167
Comunidad Foral de Navarra	482
País Vasco	1190
La Rioja	468
Ceuta	1
Melilla	23



INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O PERSOAL

O uso das redes sociais e de aplicacións como wasap está estendendo información que non sempre é correcta ou exacta, entre esta queremos salientar a seguinte información a ter en conta por considerar que pode por en perigo a seguridade e saúde non só do persoal da Deputación, se non tamén das súas persoas achegadas:

Uso de mascarillas.

o ***Mascarillas para protexernos do coronavirus****.*

Neste punto queremos salientar que o ministerio de sanidade non recomenda o uso de mascarillas nas persoas sas.

A demanda social que se xerou neste sentido está a supoñer un grave risco para o persoal sanitario que si que precisa o uso desde EPI e atópase cun mercado desabastecido. É necesario lembrar que será este persoal o que, no caso de resultar contaxiados/as, será o que nos atenderá.

En calquera caso, lémbrase que o uso de mascarillas FPP3 (UNE-EN 149:2001 + A1:2009) só é necesario para o persoal sanitario que realice procedementos asistenciais nos que se poidan xerar bioaerosoles en concentracións elevadas. *Non para a poboación xeral.*

o ***Mascarillas para protexer a outras persoas de nós.***

De novo aquí a desinformación da poboación pode estar poñendo en perigo a outras persoas. Co fin de evitar contaxios, os casos confirmados e en investigación deben levar mascarillas

cirúrxicas. ***No caso de que a persoa leve mascarilla autofiltrante, en ningún caso esta incluirá válvula de exhalación xa que neste caso o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención e se favorecería, no seu caso, a difusión do virus****. As mascarillas cirúrxicas deberían cumprir a norma UNE-EN 14683:2019+AC:2019.*


Mascarilla cirúrxica	Mascarilla autofiltrante	Mascarilla autofiltrante con válvula de exhalación
		
As que debería levar o persoal contaxiado ou en investigación para evitar o contaxio a outras persoas.	En ausencia das anteriores as que podería levar o persoal contaxiado ou en investigación para evitar o contaxio a outras	As que NUNCA debería levar o persoal contaxiado ou en investigación para evitar o contaxio a outras persoas.

Uso de luvas

Segundo os datos que se teñen a día de hoxe:



Por este motivo as medidas efectivas para previr o contaxio son:



O uso de luvas non evita o contaxio por si mesmo, xa que este contaxio prodúcese ao tocar coas mans (con luvas ou sen elas) unha superficie contaminada e posteriormente tocar a boca, o nariz ou os ollos.
Se tocamos con luvas unha superficie contaminada e despois tocamos algunha das zonas da nosa cara o contaxio e igual de probable que se produza, xa que o risco radica en transportar o virus dende as nosas mans á nosa cara.
Ante isto a única medida efectiva é lavar as mans frecuentemente e evitar tocarnos a cara, tal e como indica a ficha publicada polo ministerio de sanidade.
É máis, o uso de luvas pode producir nas persoas unha falsa sensación de seguridade e facer que se lave as mans con menos frecuencia.

ÚLTIMAS MEDIDAS ADOPTADAS
BOE do 18/03/2020:
Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer frente ao impacto económico e social do COVID-19.

RECOMENDACIÓNS…
- Seguir as instrucións dadas polo ministerio de sanidade e as autoridades sanitarias da comunidade autónoma.
- Facer uso dos EPIs só cando sexan necesarios. Lembra que o uso dos EPIs cando non son necesarios pode por en risco a outras persoas que si que os necesitan por mor da súa actividade laboral, e que ao final, serían as que nos atendan en caso de resultar contaxiados/as.
- Evitar as alarmas innecesarias, xa que só aumentan a ansiedade e as situacións de angustia para as outras persoas, moitas veces os nosos seres queridos.
- Non difundir noticias non contrastadas nin escenarios pesimistas que non aportan beneficios para ninguén.
- Recabar a información necesaria a través de canles fiables: ministerio de sanidade e autoridades sanitarias da comunidade autónoma, non dar crédito a todo o que se lee en redes sociais ou en wasap.

Por último, para calquera dúbida relacionada, o persoal pode poñerse en contacto co servizo de prevención na conta de correo riscos.laborais@dacoruna.gal ou nos seguintes teléfonos:

- ***Rosa Torre: 981 08 08 21***
- ***Mar Martín: 981 08 08 22***